



CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data 20 de agosto de 2025, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrencia correspondente ao mes de xuño de 2025, por un importe de 8.466,12 euros 839,21 euros respectivamente. Os padróns quedarán expostos ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Contra as liquidacións comprendidas no padrón poderase formular recurso de reposición, anterior ao contencioso administrativo, perante a Alcaldía no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón.

Así mesmo, acordase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: dende o 30 de agosto de 2025 ao 30 de novembro 2025, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 21 de agosto de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2400

CERVO

Anuncio

Resolución de alcaldía de 21 de agosto do Concello de Cervo, pola que se aproban as bases e a convocatoria para a cobertura da praza de encargado/a de obras e servizos deste Concello, mediante sistema de concurso-oposición libre.

Logo de aprobarse por decreto de alcaldía de 21 de agosto de 2025, as bases e a convocatoria para cubrir a praza de encargado/a de obras deste Concello, mediante sistema de concurso-oposición libre, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

EXPEDIENTE: 1286/2025

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE ENCARGADO/A DE OBRAS, PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto das presentes bases a regulación do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, como persoal laboral fixo, dunha praza de Encargado/a de Obras, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) do Concello de Cervo para o exercicio 2023, aprobada por Resolución de Alcaldía nº 1291/2023, de data 22 de decembro de 2023, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 296, de data 28 de decembro de 2023.

O procedemento de selección rexeráse polos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como polo de publicidade, garantindo a transparencia e obxectividade en todas as súas fases, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

As características da praza son as seguintes:

- **Denominación:** Encargado/a de Obras.
- **Vínculo:** Persoal laboral fixo.
- **Grupo de Clasificación:** Subgrupo C2.
- **Xornada:** Completa.
- **Titulación esixible:** ESO ou equivalente
- **Nº de vacantes:** 1
- **Funcións Principais:** Coordinación e supervisión de brigadas e persoal operario; xestión de recursos materiais e maquinaria; control de calidade e seguridade laboral nas obras; elaboración de informes e propostas técnicas; nexos de comunicación entre a dirección e o persoal; e calquera outra función inherente ao posto que se lle poida encomendar.

SEGUNDA. Modalidade do Contrato

A relación xurídica que se formalizará co/a aspirante seleccionado/a será de contrato laboral fixo a xornada completa, de acordo co establecido na lexislación laboral vixente.

TERCEIRA. Condicións de Admisión dos/as Aspirantes

Para ser admitido/a no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, de conformidade co artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante todo o proceso:

- a) **Nacionalidade:** Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.
- b) **Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) **Titulación:** Estar en posesión da titulación de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- d) **Capacidade:** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- e) **Habilitación:** Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- f) **Lingua Galega:** Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Quen non o acredite documentalmente deberá superar unha proba específica de carácter obrigatorio e eliminatorio, de acordo co artigo 51 da Lei 2/2015.

CUARTA. Presentación de Solicitudes

1. **Prazo e forma:** As solicitudes para participar no proceso selectivo, que se deberán formalizar segundo o modelo oficial que figura como Anexo I a estas bases, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Cervo. Nelas, os/as aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria. A presentación das solicitudes realizarase no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial del Estado (BOE).
2. **Medios de presentación:** As solicitudes poderán presentarse por calquera dos seguintes medios:
 - De forma telemática, a través do Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Cervo.
 - Por calquera dos outros medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. **Documentación a achegar:** Xunto coa instancia (Anexo I), os/as aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou documento equivalente.
- Copia da titulación esixida para o acceso á praza (Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente).
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso, debidamente ordenada segundo os apartados do baremo.
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega (Celga 3 ou equivalente), no caso de posuílo.
- Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame, se a houber segundo a ordenanza fiscal vixente.

As bases íntegras da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica deste Concello para a súa consulta.

QUINTA. Admisión de Aspirantes

1. **Prazo de presentación:** O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial del Estado (BOE). As solicitudes presentadas fóra deste prazo non serán admitidas.
2. **Lista provisional:** Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Dita resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello (<https://cervo.sedelectronica.es>).
3. **Prazo de subsanación:** De conformidade co establecido no artigo 68 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, os/as aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista provisional na sede electrónica, para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou para corrixir posibles erros nos seus datos. As solicitudes presentadas fóra deste prazo non serán tidas en conta. As alegacións presentadas resolveranse no prazo máximo de 5 días hábiles.

Neste período só se admitirá a corrección de defectos de documentación. En ningún caso admitirase a incorporación de novos documentos que non se achegaron no prazo regulamentario.

4. **Lista definitiva e convocatoria das probas:** Unha vez resoltas as alegacións, a Alcaldía ditará unha nova resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nese caso, farase constar a causa de exclusión. Esta resolución publicarase igualmente no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello (<https://cervo.sedelectronica.es>). Nesta mesma publicación constará a designación nominal dos membros do Tribunal Cualificador, así como o día, hora e lugar de realización das probas selectivas. Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos do proceso quen non compareza, agás causa de forza maior debidamente xustificada.

SEXTA. Sistema de Selección

O sistema de selección será o de concurso-oposición, de acordo co artigo 57 da Lei 2/2015. A puntuación final do proceso selectivo virá determinada pola seguinte ponderación:

- **Fase de Oposición:** 65% da puntuación total.
- **Fase de Concurso:** 35% da puntuación total.

A valoración da fase de concurso non suporá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal e como establece o artigo 56 da Lei 2/2015.

SEPTIMA. Fases do Proceso Selectivo

A) FASE DE OPOSICIÓN (Puntuación máxima: 65 puntos)

Esta fase, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes, desenvolverase conforme ás seguintes disposicións:

1. Lingua dos exercicios

De conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes teñen dereito a elixir libremente a lingua oficial da Comunidade Autónoma (galego ou castelán) na que desexen realizar os exercicios. Este dereito implica recibir os enunciados na mesma lingua elixida.

Non obstante, a proba de coñecemento da lingua galega realizarase nos termos específicos que se detallan a continuación.

En cumprimento do mandato de normalización lingüística e para garantir o dereito da cidadanía a relacionarse coa Administración na súa lingua, tal e como esixe o artigo 51 da Lei 2/2015, incluírase un exercicio de coñecemento da lingua galega.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes, agás para aqueles que acrediten documentalmente estar en posesión do certificado Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

2. Desenvolvemento das probas e identificación

- **Convocatoria:** As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único para a realización das probas. A incomparecencia, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal, suporá a exclusión do proceso.
- **Identificación:** En calquera momento, o Tribunal poderá requirir aos opositores que acrediten a súa personalidade. Para iso, os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir en vigor.

3. Orde de actuación dos aspirantes

Conforme á resolución do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a orde de actuación dos aspirantes nos exercicios que non se poidan realizar conxuntamente iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "F".

4. Exercicios da fase de oposición

Primeiro Exercicio (Teórico - Eliminatorio):

- **Contido:** Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de sesenta (60) preguntas, con catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta, baseadas no contido do programa que figura como Anexo II a estas bases. Adicionalmente, o cuestionario incluírá tres (3) preguntas de reserva, debidamente numeradas, que substituirán por orde correlativa a aquelas preguntas que, no seu caso, sexan anuladas polo Tribunal Cualificador unha vez celebrada a proba.
- **Tempo:** O tempo para a súa realización será de 90 minutos.
- **Cualificación:** Cualificarase de 0 a 30 puntos. As respostas correctas sumarán 0,5 puntos, as erróneas restarán 0,2 puntos e as preguntas non contestadas non puntuarán nin penalizarán.
- **Superación:** Para superar este exercicio será necesario obter unha puntuación mínima de **15 puntos**.

Segundo Exercicio (Práctico - Eliminatorio):

- **Contido:** Consistirá no desenvolvemento por escrito dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións a desempeñar no posto de Encargado/a de Obras, propostos polo Tribunal. O Tribunal valorará a correcta aplicación dos coñecementos á resolución das cuestións formuladas, a calidade técnica da solución proposta, a claridade e orde na exposición e a capacidade de análise e síntese.
- **Tempo:** O tempo para a súa realización será de 60 minutos.
- **Cualificación:** Cualificarase de 0 a 35 puntos.
- **Superación:** Para superar este exercicio será necesario obter unha puntuación mínima de 17,5 puntos.

Terceiro Exercicio (Proba de Galego - Eliminatorio):

- **Contido:** Os/as aspirantes que non acrediten documentalmente estar en posesión do Celga 3 ou equivalente deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega, que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán.
- **Cualificación:** A proba cualificarase como "Apto/a" ou "Non Apto/a", sendo necesario obter a cualificación de "Apto/a" para continuar no proceso.

A cualificación final da fase de oposición será a suma das puntuacións obtidas nos exercicios teórico e práctico.

B) FASE DE CONCURSO (Puntuación máxima: 35 puntos)

Esta fase non terá carácter eliminatorio. Só se valorarán os méritos dos/as aspirantes que superasen a fase de oposición, referidos á data de finalización do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados documentalmente.

Baremo de Méritos:**1. Experiencia Profesional (máximo 22 puntos):**

Por servizos prestados en postos de igual ou similar categoría e funcións en calquera **Administración Pública: 0,30 puntos** por mes completo de servizo.

Por servizos prestados en postos de igual ou similar categoría e funcións no **sector privado: 0,10 puntos** por mes completo de servizo.

Acreditación: Mediante certificados de servizos prestados emitidos polo órgano competente, contratos de traballo e informe de vida laboral actualizado.

2. Formación e Titulacións (máximo 13 puntos):

a) Titulacións Académicas Superiores á esixida (máximo 10 puntos): Valorarase a posesión de titulacións académicas de nivel superior á esixida para o acceso á praza (Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente), ata un máximo de 10 puntos, non sendo as puntuacións acumulables entre si e valorándose unicamente a de maior nivel.

Por estar en posesión do Título de Técnico Superior (Ciclo Formativo de Grao Superior) ou equivalente, en especialidades relacionadas coas funcións do posto: **5,00 puntos**.

Por estar en posesión dun Título universitario oficial de Grao, Licenciatura, Enxeñaría, Arquitectura ou equivalente: **10,00 puntos**.

Acreditación: Mediante copia do título oficial ou do certificado de ter aboados os dereitos para a súa expedición.

b) Cursos de Formación e Perfeccionamento (máximo 3 puntos): Por cursos de formación e perfeccionamento directamente relacionados coas funcións da praza (xestión de obras, seguridade e saúde, xestión de equipos, prevención de riscos laborais, etc.), impartidos ou homologados por organismos oficiais (Administracións Públicas, Universidades, INAP, EGAP, Colexios Profesionais, organizacións sindicais no marco de acordos de formación continua, etc.), ata un máximo de 3 puntos:

De 20 a 50 horas: **0,25 puntos**.

De 51 a 100 horas: **0,50 punto**.

Máis de 100 horas: **1,00 puntos**.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder os 3,00 puntos.

Acreditación: Mediante copia compulsada dos diplomas ou certificados correspondentes, onde conste de forma fidedigna o contido, o número de horas e a entidade organizadora.

OITAVA. Cualificación Final

A cualificación final do proceso selectivo será a suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. Para expresar dita cualificación final nunha escala de 0 a 10 puntos, a suma total obtida por cada aspirante (sobre un máximo de 100 puntos) dividirase entre 10.

En caso de empate na puntuación final, resolverase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

1. Maior puntuación total obtida na fase de oposición.
2. Maior puntuación obtida no segundo exercicio (práctico) da fase de oposición.
3. Maior puntuación obtida na fase de concurso.
4. De persistir o empate, realizarase un sorteo público na presenza dos/as aspirantes afectados/as.

NOVENA. Tribunal Cualificador

O Tribunal Cualificador estará constituído por un Presidente/a, tres Vocais e un Secretario/a.

- Presidente/a: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo a designar pola persoa titular da Alcaldía.

- Vocais: Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo a designar pola persoa titular da Alcaldía.

- Secretario/a: O da Corporación ou funcionario de carreira en quen delegue, que actuará con voz pero sen voto.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. A súa composición e funcionamento rexeranse polo disposto no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Todos os membros do Tribunal, tanto titulares como suplentes, deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para cuxo ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar neste proceso selectivo.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

En ningún caso poderán formar parte dos órganos de selección:

- ☐ a) O persoal de elección ou de designación política.
- ☐ b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.
- ☐ c) O persoal eventual.
- ☐ d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para aquelas probas ou aspectos do proceso que, pola súa especialización técnica, así o requiran. A súa función limitarase a un mero asesoramento, actuando con voz pero sen voto, e estarán suxeitos ao mesmo deber de sigilo e confidencialidade que os membros do Tribunal.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal rexerase polo disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A designación nominal dos membros do Tribunal farase pública na mesma resolución que aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

DÉCIMA. Proposta de Contratación e Formalización do Contrato

Unha vez concluído o proceso selectivo, o Tribunal Cualificador fará pública a relación de aspirantes que superaron o proceso, por orde de puntuación final. Acto seguido, elevará ao órgano competente a proposta de contratación a favor do/a aspirante que obtivese a maior puntuación.

En ningún caso o Tribunal poderá propoñer o acceso á condición de persoal laboral fixo dun número superior de aspirantes ao de prazas convocadas, sendo nula de pleno dereito calquera proposta que infrinxa esta norma, de conformidade co artigo 55.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O/A aspirante proposto/a disporá dun prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da proposta, para presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento Nacional de Identidade, Pasaporte ou documento equivalente.
- b) Titulación académica esixida na base terceira da convocatoria.
- c) Declaración xurada ou promesa (segundo o modelo do Anexo II) de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin acharse en inhabilitación para o exercicio de funcións públicas.
- d) Os candidatos propostos para o nomeamento deberán, antes de tomar posesión, pasar un recoñecemento médico no servizo de prevención, no que serán declarados aptos ou non aptos.
- e) Calquera outra documentación que fose requirida de forma expresa nas bases da convocatoria.

Se dentro do prazo fixado, e salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a documentación ou se do exame da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na solicitude de participación.

Neste suposto, o órgano competente requirirá ao Tribunal Cualificador unha relación complementaria co/a seguinte aspirante da lista que, superando todos os exercicios, siga ao proposto/a, para que proceda á presentación de documentos e á súa posterior contratación.

Unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos, o órgano competente procederá á formalización do contrato de traballo de carácter laboral fixo. A formalización comunicarse á oficina pública de emprego e entregarse unha copia básica á representación legal dos traballadores.

No contrato establecerase un período de proba de dous meses, con carácter eliminatorio, de acordo co previsto no Convenio Colectivo aplicable e no Estatuto dos Traballadores. Durante este período:

- O/A traballador/a terá os mesmos dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe, como se fose de persoal fixo.
- Nomearase un/unha titor/a responsable do seguimento e avaliación da súa aptitude, valorando aspectos como a capacidade de traballo, a responsabilidade, a iniciativa e a integración no equipo.
- A superación satisfactoria do período de proba, acreditada mediante informe motivado do/a titor/a, será indispensable para consolidar a praza e adquirir a condición de persoal laboral fixo de pleno dereito. O tempo de proba computará para os efectos de antigüidade.
- A non superación do período de proba suporá a resolución da relación laboral, sen dereito a indemnización.

UNDÉCIMA. Bolsa de Traballo

Constituirase unha bolsa de traballo coas persoas que, tendo superado a fase de oposición, non resulten contratadas para a praza convocada. A bolsa ordenarase de maior a menor segundo a puntuación final obtida no proceso selectivo, aplicando os criterios de desempate establecidos na base sexta destas bases.

Para formar parte da bolsa será requisito indispensable ter superado todos os exercicios da fase de oposición, obtendo a cualificación mínima esixida en cada un deles.

A bolsa de traballo terá unha vixencia máxima de tres (3) anos, contados a partir da data da súa aprobación mediante resolución do órgano competente. Esta vixencia poderá ser modificada ou prorrogada motivadamente mediante resolución expresa, se as necesidades do servizo así o requiren.

A finalidade desta bolsa é a cobertura, con carácter temporal e por razóns de urxencia ou necesidade debidamente xustificadas, de postos de traballo de igual ou similar categoría e funcións á praza convocada, que poidan xurdir no Concello por vacantes temporais, baixas, maternidade, acumulación de tarefas ou outras circunstancias legalmente previstas.

O chamamento realizarase por rigorosa orde de prelación, contactando co primeiro aspirante dispoñible da lista.

A comunicación realizarase a través dos medios facilitados polo/a aspirante na súa solicitude (teléfono e/ou correo electrónico). Realizaranse un mínimo de tres intentos de contacto telefónico en horario de 9:00 a 14:30 horas, cun intervalo mínimo de 20 minutos entre cada chamada. De non ser posible o contacto tras estes intentos, ou se se opta por outros medios como o correo electrónico con acuse de recepción e non se obtén resposta, procederase a chamar á seguinte persoa da lista, deixando constancia escrita da incidencia no expediente.

A persoa contactada disporá dun prazo máximo de vinte e catro (24) horas para aceptar ou rexeitar a oferta. A aceptación ou rexeitamento deberá comunicarse de forma fidedigna

DUODÉCIMA. Protección de Datos

Os datos persoais recollidos no marco deste proceso selectivo serán tratados polo Concello de Cervo, como responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria de emprego público. O tratamento está lexitimado polo cumprimento dunha misión realizada en interese público. Os datos poderán ser publicados de acordo cos principios de publicidade e transparencia que rexen o acceso ao emprego público, respectando en todo caso a normativa vixente en materia de protección de datos, todo iso de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD).

DÉCIMO TERCEIRA. Recursos

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma e da actuación do Tribunal Cualificador que poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados polas persoas interesadas potestativamente mediante recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que os ditou, ou ben directamente ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa no prazo de dous meses, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Contra os actos de trámite do Tribunal Cualificador que decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía no prazo dun mes.

DÉCIMO CUARTA. Anexos.

- **ANEXO I:** Modelo de solicitude e declaración xurada.
- **ANEXO II:** Temario (Materias comúns e específicas).

Cervo, 21 de agosto de 2025.- A Alcaldesa, Dolores García Caramés.

ANEXO I**MODELO DE INSTANCIA**

D/a provisto/a de D.N.I. n.º
 con enderezo R/ n.º piso
 C.P. Localidade Municipio
 Provincia Teléfono

EXPÓN

Que vista a convocatoria é a selección de un (1) Encargado de Obras, Grupo C2, como personal laboral fixo do Concello de Cervo

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,

a.- Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionalidade doutros estados.

b.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

c.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, non mesmos termos o acceso ao emprego público.

d.- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e.- Autorizar ao Concello de Cervo para o tratamento dos meus datos de carácter persoal de conformidade co establecido nas bases da convocatoria que rexen o presente procedemento.

f.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento do posto de traballo e o exercicio dos correspondentes cometidos.

TÍTULOS QUE DECLARA POSUÍR E RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS:

-
-
-
-
-
-
-
-
-
-

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto nos artigos 49, 50 e 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, en concordancia co disposto nos artigos 55 e 56 do Texto Refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, admítase esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

En Cervo, a de..... de 2025

Asdo.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE CERVO

ANEXO II

Tema 1. Características e estrutura da Constitución Española de 1978. Principios Xerais. Dereitos e Deberes fundamentais dos españois.

Tema 2. Réxime Local Español. Clases de Entidades Locais. Organización Municipal. Competencias Municipais.

Tema 3. Réxime xurídico do persoal ao servizo das Administracións Públicas. O persoal funcionario e o persoal laboral.

Tema 4. Conceptos xerais de albañilería. Ferramentas, materiais, solado e alicatado. Encofrados e levante de muros. Construción de arquetas e instalación de bordos. Conservación e mantemento de obras, manexo de maquinaria de obra lixeira ou media e pequenas actuacións de obra civil en viario.

Tema 5. Instalacións na vía pública (saneamento, electricidade, fontanería). Elementos de albañilería. Materiais e montaxe. Mantemento. Elementos de fundición rexistro e tipos.

Tema 6. Conservación integral do viario. Conservación preventiva de pavimentos. Reciclado de firmes. Reforzo e rehabilitación. Pavimentos de beirarrúas. Pavimentos de asfalto.

Tema 7. Sinalización de obras: Elementos de sinalización, balizamento e defensa.

Tema 8. Especies habituais en xardinería. Recorte e formación de sebes.

Tema 9. Poda de árbores. Tipos de poda. Ferramentas e útiles máis usuais.

Tema 10. Árbores. Arbustos. Plantas de flor de tempada. Vivaces. Plantación. Rega. Abonado e outros labores de mantemento. Descrición.

Tema 11. Métodos de control fitosanitario. Medios de loita contra pulgas e enfermidades. Pragas e enfermidades das plantas de xardín.

Tema 12. Ferramentas e maquinaria de xardinería (manual e mecánica). Coidado e mantemento das ferramentas. Sistemas de rega. Clases. Materiais máis usados. Elementos dunha instalación de rega en xardinería.

Tema 13. Mantemento e inspección de mobiliario, zonas de xogos infantís e areeiros situados en zonas verdes.

Tema 14. Redes de distribución de enerxía eléctrica. Instalacións eléctricas de baixa tensión. Diferenzas e tipos. Medidas de seguridade.

Tema 15. Instalacións de iluminación pública. Redes eléctricas aéreas. Redes eléctricas subterráneas. Redes en fachadas: Elementos compoñentes, materiais e execución das instalacións.

Tema 16. Instalacións de iluminación pública. Clases, partes da instalación. Condutores, outros compoñentes e materiais. Eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior. Sistemas de control e telexestión.

Tema 17. Instalacións eléctricas. Posta a terra para baixa tensión. Luminarias. Protección e corrección do factor de potencia de luminarias. Conexión á rede de iluminación. Dispositivos de mando e protección de instalacións eléctricas. Elementos e medidas de protección contra contactos eléctricos.

Tema 18. Instalacións eléctricas de interior de edificios. Partes compoñentes, condutores e outros materiais. Elementos de protección contra contactos eléctricos. Execución e conservación.

Tema 19. Medida e verificación de instalacións eléctricas. Autorización, posta en servizo e inspección. Equipos de medida. Equipos de mando.

Tema 20. Prevención de riscos laborais. Condicións e normas de seguridade de carácter xeral. Riscos específicos vinculados ao posto e a súa prevención.

R. 2401

XOVE*Anuncio*

Aprobado inicialmente o establecemento do servizo público local de madrugadores “Xoveesperta”, de acordo coa memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica proposta, por acordo do Pleno de data 20 de agosto de 2025, de conformidade cos artigos 309.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como, no artigo 97 do Texto Refundido das disposicións legais Vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, sométese a información pública polo prazo de trinta (30), a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no

Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Xove, 20 de agosto de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2402

Anuncio

Aprobado inicialmente o Regulamento do servizo público local Madrugadores "Xovesperta" por acordo do Pleno de data 20 de agosto de 2025, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta (30), a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Xove, 20 de agosto de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2403

Anuncio

Polo Pleno municipal na súa sesión de data 20 de xullo adoptouse acordo de modificación do Acordo regulador prezo público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do concello de Xove, do seguinte xeito:

I. CONCEPTO

Artigo 1º.- O Concello de Xove de conformidade co disposto no artigo 127 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e de acordo co previsto no artigo 41 do citado texto legal, establece o prezo público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre destinadas á infancia, xuventude, terceira idade, familias ou calquera outro tipo de persoa usuaria, que se regulará polo presente Acordo Regulador.

II. OBRIGADO AO PAGO

Artigo 2º.- Están obrigados ao pago calquera persoa de natureza física ou xurídica así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que se beneficien, asistan ou participen nas distintas actividades que podan realizarse polo Concello no ámbito da conciliación, formación e do ocio e tempo libre.

III. OBRIGADO DE PAGO

Artigo 3º.- Considérase devindicada a exacción no momento no que se comeza a prestar a actividade, con independencia de que existise ou non unha previa solicitude de inscrición, sempre que se dea o requisito do beneficio.

IV. TARIFAS

Artigo 4º.- A contía do prezo público regulado no presente acordo, ven determinado en función das actividades que a continuación se relacionan:

Actividade	Prezo/mes/actividade sen IVE	IVE	Prezo total/mes
1.-Ximnasia de mantemento, pilates e aerobio ou outras similares	10,00 €	- €	10,00 € cada actividade
2.-loga	15,00 €	- €	15,00 €

3.-Actividades conciliación do Programa «Xove Concilia»	20,00 €/por período de prestación do artigo 11 do regulamento do servizo, agás o período de semana santa, xunto aos períodos 1 e 6 da tempada de verán que será de 10 €	- €	20,00 €/por período de prestación do artigo 11 do regulamento do servizo, agás o período de semana santa, xunto aos períodos 1 e 6 da tempada de verán que será de 10 €
4.-Kartódromo de Tapia de Casariego	5,00 €	- €	5,00 €
5.-Bailes de salón	12,40 €	21% (2,60 €)	15,00 €
6.-Bordado á man	8,26 €	21% (1,74 €)	10,00 €
7.-Encaixe de bolillos	8,26 €	21% (1,74 €)	10,00 €
8.- Torneos de pádel	18,00 € (unha categoría) 30,00 € (dúas categorías)	-€	18,00 € (unha categoría) 30,00 € (dúas categorías)
9.- Manualidades	12,39 €	21% (2,61 €)	15,00 €/mes
10.- Torneos de bádminton	6,00 € (1 modalidade) 10,00 € (2 modalidades)		6,00 € (1 modalidade) 10,00 € (2 modalidades)
11.- Impartición de cursos de socorrismo acuático	70,00 €	-	70,00 €/curso
12.- Impartición de cursos de ximnasia na auga	15,00 €	-	15,00 €/mes
13.- Actividades conciliación do Programa madrugadores «Xovesperta» - USUARIOS/AS FIXOS/AS	20,00 €/mes	- €	20,00 €/mes
14.- Actividades conciliación do Programa madrugadores «Xovesperta» - USUARIOS/AS ESPORÁDICOS/AS	5,00 €/día	- €	5,00 €/día

Os prezos sen IVE poderán variar se como consecuencia dun cambio da normativa do Imposto, variase o tipo de IVE, de tal xeito que o prezo total/mes a aboar polos usuarios se manteña inalterable.

O importe dos prezos así establecidos terá carácter irreducible, salvo nos meses de comezo e fin das actividades de xeito que o prezo quedará reducido á metade sempre que a actividade se preste por un período inferior a quince días; agás para a actividade a que se refire o punto 13 “Programa madrugadores «Xovesperta» Usuarios fixos”, na que o prezo establecido para os meses de xuño e setembro será de 10,00 euros.

Do mesmo xeito, para que a renuncia á realización da actividade dea lugar á anulación da exacción, aquela deberá efectuarse con carácter previo ao comezo da actividade.

Non procederá a exacción do prezo cando a actividade non se realice, o que sucederá se non se acada un mínimo de 10 usuarios por actividade para as actividades dos puntos 1, 2, 5, 6, 7 e 10; un mínimo de 20 usuarios para a actividade do punto 4; un mínimo de 4 usuarios para a actividade do punto 8 e un mínimo de 8 participantes para a actividade do punto 11.

V. EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artigo 5º.- Para os casos 1, 2, 5, 6, 7 e 10 do artigo anterior, as persoas solicitantes que teñan a condición de discapacitado debidamente acreditada ou os mozos e mozas que estean en posesión do Carné Xove ou Carné Máis, terán unha redución do 20% do prezo total mensual.

Para o caso 3; 13 e 14 do artigo anterior, as persoas solicitantes desfrutarán dunha redución do 50% da tarifa no caso do segundo e sucesivos nenos e nenas matriculados na actividade «Xove Concilia» e «Xovesperta».

VI. NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 6.- O pago da presente exacción efectuarase mediante padrón para as actividades que teñan carácter periódico. Para actividades que non teñan carácter periódico, realizarase mediante autoliquidación no momento de realizar a pertinente solicitude de inscrición na actividade.

O ingreso do prezo practicarase preferentemente mediante domiciliación bancaria, se ben se permitirá no seu defecto o ingreso nas contas bancarias de titularidade do Concello.

A regulación de todos aqueles aspectos que non teñan relación co prezo público realizarase polo Departamento corresponde (Concellería de Deportes ou Concellería de Servizos Sociais, Xuventude e Muller) e exporase ao público para xeral coñecemento, con antelación suficiente ao comezo das actividades.

Artigo 7.- No caso de actividades con lista de agarda (casos 2, 5, 6, 7 e 10), darase de baixa da actividade a aquelas persoas matriculadas que non asistan no mes ao 50% da actividade concretamente no grupo que lle corresponda, sempre que as faltas non estean debidamente xustificadas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA ÚNICA

O presente Acordo regulador entrará en vigor e comezará a aplicarse no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O que se fai público para xeral coñecemento, advertindo que ditos acordos poñen fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra os mesmos, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a data indicada. Todo elo en virtude do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e os artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa de aquel ou da súa desestimación presunta.

Todo elo sen prexuízo de que os interesados podan exercer, no seu caso, calquera outro recurso que estimen procedente.

Xove, 20 de agosto de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2404